

# Boletín informativo do MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



30

xaneiro 2011

## MEMORIA DE ACTIVIDADES 2010


### Exposiciones temporales

#### SALA DE EXPOSICIONES DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



- **Arqueoloxía 1990–2005** (Do 14 de xaneiro ao 28 de marzo).
- **Castelao. A derradeira lección do mestre** (Do 14 de abril ao 10 de xullo).
- **The Wall – A Muralla. Fotografías de Peter Schneider e A Muralla no Museo.** (Do 20 de xullo ao 30 de setembro).
- **Museo do Prado. Os depósitos no Museo Provincial de Lugo.** (Do 29 de outubro de 2010 ao 13 de febreiro de 2011).
- **Proxecto -Diálogos-. Intervención expositiva de Iván Prieto** na sala número 22 do MPL. (Do 25 de novembro de 2010 ao 13 de febreiro de 2011).

#### PAZO DE SAN MARCOS



- **Pérez Porto** (Do 10 de febreiro ao 28 de abril).
- **As cores da terra, as cores do ceo. Manuel Fernández «Lolo»** (Do 14 de xuño ao 31 de xullo).

- **Ríos de Galicia. Tesouros de vida. Fotografías de José Luis González** (Do 1 ao 26 de setembro).
- **Un ceo de farrapos. Luis Moscardó** (Do 14 de outubro ao 12 de setembro).
- **Eloxo da distancia. Fotografías de Cecilia Orueta.** (Do 17 de decembro de 2010 ao 30 de xaneiro de 2011).

#### REFECTORIO

- **Feminismo galego: Cambios sociais e dereitos das mulleres** (Do 10 ao 22 de marzo).
- **Galicia innovadora e creativa** (Do 13 ao 20 de maio).
- **O Castro da Atalaia. Unha mostra excepcional do noso patrimonio** (Do 7 ao 20 de xuño).
- **Exposición fotográfica sobre o Camiño Primitivo** (Do 25 de xuño ao 5 de xullo).
- **Xoguetes antigos. Colección doada por J. L. Basanta** (Do 12 ao 26 de setembro).
- **Enrique Muíño. O gaucho galego.** (Do 28 de setembro ao 10 de outubro).
- **Rosalía sempre viva. Viva Rosalía** (Do 19 ao 31 de outubro).
- **Fotografías do Arde Lucus.** Da asociación Caetra Lucensium (Do 2 ao 14 de novembro).
- **V Premio de Fotografía da Fundación Anade** (Do 1 ao 12 de decembro).
- **Museum Musicum** (Do 20 de decembro de 2010 ao 9 de xaneiro de 2011).

#### Exposiciones itinerantes

- **Inquedanzas. Hixinio Flores** (En Viveiro, Mondoñedo, Lourenzá, Barreiros, Palas de Rei, Viveiro e Monforte).
- **Incisións** (En Cervo, Ribadeo, Burela, Barreiros, Foz, Xermade, Paradela, Guitiriz e Chantada).
- **A muralla no Museo / The Wall – A muralla (Peter Schneider)** (En Foz, Vilalba e Guitiriz).

## Conferencia, mesas redondas, etc.



- **Feminismo galego: cambios sociais e dereitos das mulleres** (10 de marzo) coa participación de Antón Bao, Xabier Macías, Ana Luisa Bouza, Carmen Blanco García e Aurelia Balseiro García.
- **Música e espazos** (15 de maio) coa participación de José Luis Carles, Pilar Cabeza, Cristina Palmese, Mónica Álvarez e Arturo Vaquero, moderada por M. Inmaculada Cárdenas (Organizado por Lugo Cultural da USC)
- **Charla-colloquio sobre Miss Ledyá** a cargo de Guillermo Escrigas, director do CGAI. (27 de maio).
- **Vixencia de Castelao 60 anos despois da súa morte** (10 de xuño) coa participación de Francisco Rodríguez, Felipe Senén, María Pilar García Negro, Manuel Rei Romeu e Aurelia Balseiro.
- **Os depósitos do Museo do Prado**, a cargo de Mercedes Orihuela. (18 de novembro).
- **O Museo Provincial de Lugo e o Camiño de Santiago**, a cargo de Aurelia Balseiro. (11 de decembro).

## Danza

- **VIII Encontro universitario de danza** (abril de 2010) organizado por Lugo Cultural da USC.


## Asistencia a congresos, feiras, etc.

- Participación do Museo Provincial de Lugo nas *Jornadas sobre Educación en Museos y Atención a la Diversidad* (Murcia, maio de 2010).
- Participación do MPL na *Feira do Mundo Romano de Tarragona "Tarraco Viva"* (Do 26 ao 30 de maio de 2010).
- Participación do *VI Congreso Internacional de Musealización de Yacimientos y Patrimonio: Arqueología, Patrimonio y Paisajes Históricos para el siglo XXI*. Toledo, novembro de 2010.

- O Museo Provincial de Lugo. Conferencia de Aurelia Balseiro García, directora do MPL, na sede da Asociación de Amigos dos Museos de Galicia.



## Día Internacional dos museos



Baixo o lema *Museos para a harmonía social*, do 12 ao 18 de maio, o MPL organizou a Semana dos Museos, acollendo nesta celebración a Noite dos Museos e o Día Internacional dos Museos, así como tamén o Día das Letras Galegas. Para conmemorar todas estas efemérides, o MPL desenvolveu un ambicioso programa de actividades entre as que cómpre destacar unha mesa redonda sobre música e espazos, un concerto a cargo de José Igés e Concha Jerez, unha visita guiada iluminada, un recital poético-musical, etc. sendo os visitantes agasallados con libros e un xogo de marcapáxinas dedicado a Luis Seoane co gallo do centenario do seu nacemento.

## Actividades de verán

Como cada ano, o MPL organizou durante os meses de verán diversas actividades dirixidas a rapaces/zas de

idades comprendidas entre os 6 e 15 anos entre as que destacan os obradoiros de (debuxo, xogos romanos, caricaturas, abanos, fotografía artística, unha de romanos, escultura e a muralla no museo) así como unha nova edición, a séptima, do campamento de arqueoloxía que, posteriormente, itinerouse pola Rede Museística Provincial.



## Premios e distincións



O 25 de maio de 2010, o Instituto de Ensino Secundario Virxe dos Ollos Grandes de Lugo distinguiu o Museo Provincial de Lugo co premio **INSTITUCIÓN AMIGA**, que foi recollido por Aurelia Balseiro e Antonio Reigosa.

## Obradoiros de Nadal 2010-2011

Durante o Nadal de 2010, o Museo Provincial realizou unha ampla oferta de actividades para todo tipo de públicos, entre as que cómpre destacar os seguintes obradoiros para nenos/as: AS CRIATURAS DE IVÁN PRIETO; ORIGO LU-CENSIS, CIVES ROMANORUM e CONSTRUCIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS.

## Varios



-13 lucenses promocionan en Telelugo diversas pezas do Museo Provincial de Lugo.

-Presentación da Fotogrametría dixital do *CADEADO DE TRUCO*. Foi realizada por Rubén Pintor (Estudo 3 D).

-Organizados pola Área de Cultura de Deporte da Deputación de Lugo, desenvolvérónse no MPL dous cursos de teatro. O primeiro, celebrado en maio, estivo dedicado á Dramaturxia e foi impartido por Alfonso Beceerra, profesor da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. O segundo, de Pedagogía Teatral, foi dirixido por Tereixa Campo e Marga Portomeñe e celebrouse no mes de outubro.

## Accesibilidade

Dentro da campaña do Museo Provincial de Lugo de supresión de barreiras arquitectónicas, no mes de abril foron construídas dúas ramplas na fachada principal deste museo co obxecto de mellorar a súa accesibilidade.



## Publicacións



- Catálogo de **ARQUEOLOXÍA 1990–2005**
- IV PREMIO DE INVESTIGACIÓN MANUEL VÁZQUEZ SEIJAS: *A ditadura de Primo de Rivera en Lugo (1923–1930): Continuidade ou cambio?*
- Catálogo da exposición **BACABÚ**
- Catálogo de **Castelao. A derradeira lección do mestre**
- Catálogo da exposición **Dolores Guerrero. Dicir, sentir e gozar**
- **Diálogos. Intervención de Iván Prieto**
- **Lázare. Memorias 1994- 2009**
- **Libros do demo. Grimorios e ciprianiños**
- **Luis Moscardó. Un ceo de farrapos**
- **Manuel Fernández «Lolo». As cores da terra, as cores do ceo**
- Catálogo da exposición **Pérez Porto**
- Catálogo da exposición **A pel dos sentidos**
- **Ás portas de Rinlo** de Fernando Páez
- **Peter Schneider. The Wall – A Muralla**
- **Villapol. Conversas con Reabsu**

## Pazo das Musas

Durante o ano 2010 desenvolvéronse os seguintes números da revista oral O Pazo das Musas que coordina Antonio Reigosa:

- N.º 21.- (25-03-10): contidos: Monográfico “Legado de Álvaro Gil Varela”. Interviron: Felipe Arias, Enrique Alcorta, Fernando Arribas, Ofelia Carnero, María Quiroga, M.ª Rosario Fernández e Aurelia Balseiro. Música: M.ª Martínez.
- N.º 22.- (24-06-10): interveñen: Xosé Manuel Felpeto, Fernando Arribas, Laura Branco, Manuel Fernández “Lolo”, Grupo Trasnadas. Música: Mini e Mero.

• N.º 23.- (30-09-10): contidos: Palimoco Teatro, Fernando Arribas, Antón Fortes, María Hernanz. Presentación do Proxecto: Queres que cho conte? Música: Carlos Díaz, Xabi Díaz e Paloma Lugilde.

• N.º 24.- (30-12-10): contidos: Fina Casalderrey, María Quiroga, Fernando Arribas, Antonio Reigosa, Aurelia Balseiro. Música: Músicas do mundo (Abraham Cupeiro, María Ruiz, Xan Durán e Vadzim Yuchknevich).



## Proxeccións

- **MIS LEDYA**, de José Gil (1916) o 27 de maio ao abeiro da exposición Castelao. A derradeira lección do mestre.
- Vídeo-documental sobre a Muralla de Lugo realizado por Enrique Alcorta Irastorza (30 de novembro).
- Estrea de **CARACOIS**, audiovisual infantil de 26 capítulos dirixidos por Luís Téllez dentro do proxecto da editorial OQO (14 de decembro).
- Proxeccións na sala de audiovisuais das exposicións temporais realizadas.

## Concertos e recitais



- **Xoán Elías Castiñeira** (6 de maio) ao abeiro da exposición Castelao. A derradeira lección do mestre.
- **José Iges e Concha Jérez** con **Fragmentos de diario** (15 de maio), Lugo Cultural USC.

- **Recital poético-musical en homenaxe a Uxío Novoneyra** a cargo de M.<sup>a</sup> Xosé Lamas, Isidro Novo e Natalia Bilenko (18 de maio).
- **CASA HAMLET** (21 de outubro) ao abeiro da exposición *Rosalía sempre viva. Viva Rosalía*.
- **Iria Rajal** acompañada ao piano por Abel Iturriaga (30 de outubro) ao abeiro da exposición *Museo do Prado. Os depósitos no Museo Provincial de Lugo*.

## Colaboracións


- Asociación Provincial de Hostelería
- Grupo Cinematográfico Fonmiñá
- Asociación de Viandantes do Camiño Primitivo
- Fundación Manuel María
- Asociación Caetra Lucensium
- Fundación Anade
- Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da provincia de Lugo
- Agrupación de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago del Norte
- Asociación Mariña Patrimonio
- Lugo Cultural. Universidade de Santiago de Compostela
- Centro Galego de Artes da Imaxe (CEGAI)
- Unicef
- Asociación Cultural Estrada Secundaria
- Concellos da provincia de Lugo
- ADEGA
- Fundación Galicia – Europa
- Fundación Galiza Sempre

## XVIII Xornadas pedagóxicas do Museo Provincial de Lugo

Dedicadas a *Museos: Espazos para ensinar e aprender*, desenvolvérónse do 1 ao 3 de xuño co seguinte programa:

- *Presente e futuro do Museo Provincial de Lugo*, por Aurelia Balseiro García.
- *O teatro dentro do currículo educativo: Proceso creativo (Teoría e práctica)* por Alba Fernández, Pau-la Buján e Paloma Lugilde, de Palimoco Teatro.
- *O Museo de Belas Artes da Coruña e a súa proposta educativa*, por Manuel Mosquera Cobián.

- *Museos en-redados*, por Encarna Lago González.
- *A obra de Castelao. Óptimo instrumento didáctico interdisciplinar*, por María Pilar García Negro.
- *Aprender nun museo*, por Pedro Lavado Paradinas.
- *Taller de maletas de materiais didácticos do Museo Provincial de Lugo*, por Pedro Lavado Paradinas.
- *Presentación dos programas de actividades escolares dos museos da Rede Museística para o curso 2010-2011*, por persoal dos Departamentos de Didáctica do Museo Provincial de Lugo, Museo Etnográfico de San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Pazo de Tor .



## VIII Curso de Arte galega

Do 12 ao 16 de xullo tivo lugar o VIII Curso da Arte Galega no Museo Provincial de Lugo.

Coordinado por Ana Goy e Fernando Arribas esta edición, baixo o título *A luz da razón*, estivo dedicada á arte neoclásica en Galicia e contou coa presenza de confe-renciantes como Alfredo Vigo Trasancos, Juan Antonio Rodríguez Villasante-Prieto, Aurelia Balseiro García, Ana Goy Diz, Adolfo de Abel Vilela, Francisco Xabier Louzao Martínez, José Luís Díaz Álvarez, Marica López Calderón, José Manuel López Vázquez, Pegerto Saavedra Fernández, Fernando Arribas Arias, Yolanda Barriocanal López,



Manuel Durán Fuentes, Juan Monterroso Montero e Enrique Fernández Castiñeiras.

Cómpre destacar que neste curso o Museo Provincial de Lugo presentou unha declaración institucional a favor da declaración de BIC para a ponte de Cruzul (Becerrea).

## Visitas guiadas

Durante os meses de verán, o MPL ofreceu os sábados visitas guiadas gratuítas a diversos grupos de visitantes.

Tamén, e con motivo da restauración do Mosaico de Arañá, houbo visitas guiadas a esta mostra da musivaria romana a cargo de Rosa Benavides.

Ao abeiro das exposicións temporais (*Arqueoloxía 1990-2005, Castelao. A derradeira lección do mestre, Museo do Prado. Os depósitos no Museo Provincial de Lugo, etc.*) houbo visitas técnicas e guiadas para todo tipo de públicos a cargo dos comisarios das mesmas.

## Doazóns e depósitos

- Ramón Conde: *Tormenta de verán*.
- José Luís Basanta: colección de xoguetes dos anos trinta do pasado século.
- Amanda García Barreira: roupa de muller confeccionada en liño do país.
- Fernando Arribas Arias: punta de frecha de bronce.
- M.ª Concepción Teijeiro Revilla: alabarda de sílex.
- Teresa Arana Suárez Varela: dous pratos de louza estampada.
- Antonio Díaz Pedreira: gravado en relevo sobre prancha.
- Peter Schneider: oito fotografías sobre a Muralla de Lugo.
- Luis Moscardó: un libro de autor.
- Francisco Pérez Porto: peza de gres realizada por el mesmo no ano 2005.

## Programación didáctica para o curso 2010-2011

Durante o ano 2010, o Departamento de Didáctica do MPL ofertou para grupos escolares as seguintes activades:

- *A muralla dos nenos*.
- *A muralla no museo*.

– *Debuxa un conto: A escola de Doloriñas*.

– *Rutas literarias*.

– *Visita de iniciación ao MPL*.

– *Visita á sección de prehistoria e arqueoloxía*.

– *A Romanización*.

## Presentacións de Libros


• Catálogo de **ARQUEOLOXÍA 1990 – 2005**

• **O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo**, de Pilar García Negro (28 de outubro)

## X Aniversario da declaración da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade

Con motivo desta efeméride, o MPL organizou unha exposición (A muralla no Museo), diversos obradoiros para escolares, unha conferencia (impartida por Enrique Alcorta) así como un vídeo sobre diferentes actuacións realizadas neste monumento.

## Visitantes ao Museo Provincial de Lugo no ano 2010



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMERA



## Boletín informativo do Museo Provincial de Lugo

Dirección: Aurelia Balseiro García • Coordinación: Fernando Arribas Arias

Museo Provincial de Lugo / Departamento de Difusión

Praza da Soidade nº 7 / 27001 / LUGO

Tlfno. 982.24.21.12 / Fax. 982.240.240

[www.museolugo.org](http://www.museolugo.org) / [difusion@museolugo.org](mailto:difusion@museolugo.org)

